

## AXUDAS DO BONO REMUDA PARA O FOMENTO DA REMUDA XERACIONAL DE NEGOCIOS

### Incentivos para o fomento do traspaso de negocios por remuda xeracional

Prazo aberto do 7 de xuño ao 30 de outubro de 2024



Orzamento 1.500.000 €



#### Persoas beneficiarias


- Persoas traballadoras autónomas, persoas profesionais dadas de alta no RETA, persoas mutualistas e sociedades de calquera clase, incluídas as unipersonais e comunidades de bens, con domicilio fiscal ou centro de traballo en Galicia na data da solicitude, que asuman a transmisión dun negocio por xubilación, falecemento ou incapacidade da persoa titular, sempre que supoña a continuación da actividade.



#### Intensidade da axuda

30.000€  
por remuda  
Contía máxima  
subvencionable

- O Bono remuda subvenciona o prezo, sen IVE, estipulado no contrato de remuda dun negocio ou actividade con domicilio social e fiscal e centro de traballo en Galicia que estea inscrito na Bolsa de remuda da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego<sup>(\*)</sup>.



- No caso de acceder á remuda mediante alugueiro do local e/ou dos medios produtivos, a axuda a percibir será a correspondente aos primeiros 18 meses do dito alugueiro.
- No caso de que a remuda non inclúa a totalidade das participacións da sociedade, a axuda será proporcional á porcentaxe de participación obxecto de relevo.
- O gasto do traspaso deberá realizarse e pagarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2024.

(\*) No caso de que o negocio fora obxecto de remuda antes da publicación desta axuda non será requirida a dita inscrición.

## AXUDAS DO BONO REMUDA PARA O FOMENTO DA REMUDA XERACIONAL DE NEGOCIOS



### Principais requisitos dos negocios de remuda

- Que a remuda estea **motivada pola proximidade da idade de xubilación (62 ou máis anos)**, por **incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou morte da persoa titular do negocio**.
- Debe ter o seu **domicilio social e fiscal e/ou centro de traballo en Galicia e un mínimo de 5 anos de antigüidade**.
- Non ter transcorrido máis de **12 meses entre a publicación desta axuda e a baixa no RETA e no IAE da persoa que traspasa o negocio**.
- Que se trate da **mesma actividade** que o negocio que se remuda e se desenvolva no **mesmo local**.
- Que o negocio estea **inscrito na Bolsa de remuda da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego**, salvo aqueles negocios que foran xa obxecto de remuda antes da publicación desta axuda.
- Que a transmisión se **formalice mediante contrato** de traspaso ou de venda de negocio ou actividade elevado a escritura pública, **indicando nel o prezo total e o detalle de elementos obxecto de traspaso ou de venda**.
- No caso de **transmisión de accións ou participacións de sociedades**, o contrato **detallará a porcentaxe delas que a persoa ou sociedade compradora vai adquirir**, que deberán ser **superior ao 50% do capital social**.
- Que se realice o **cambio de titularidade de actividade no concello correspondente**, ou de ser o caso, a **comunicación previa do inicio de actividade ou da apertura de establecemento**.

Acceso á ficha da  
sede electrónica



VR 100612024

- Pulsa para acceder -



### Documentación complementaria a achegar

- Xunto coa solicitude (Anexo I) deberase achegar, entre outra, a seguinte documentación:
- **Plan de negocio** segundo o modelo do Anexo II da Orde, **acompañado do informe de valoración** realizado por unha das asociacións de persoas profesionais autónomas máis representativas ou por un Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia.
  - Se xa se formalizou a transmisión, copia do **contrato de remuda elevado a escritura pública**.
  - Se aínda non estivese formalizada a transmisión, **acordo de transmisión asinado polas partes**.
  - **Documentación acreditativa**, segundo o caso:
    - **Da resolución de incapacidade total ou absoluta**, ditada polo órgano competente.
    - **Da herdanza**, no caso de transmisión por parte de persoas herdeiras da dona do negocio.
    - **Do nacemento en Galicia ou da relación de parentesco** de persoa emigrante retornada.



### Principais obrigas das persoas e entidades beneficiarias

- Entre as obrigas que teñen que cumprir as persoas e entidades beneficiarias, destacan as seguintes:
- **Manter a alta** no RETA, mutualidade, Rexistro Mercantil e/ou no Imposto sobre actividades económicas **durante os 3 anos** posteriores á data da escritura do contrato de remuda.
  - **Manter a mesma actividade** económica durante **un mínimo dun ano** desde a data do contrato.
  - **Adoptar as medidas de difusión** para dar publicidade ao financiamento público.